

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 24 DE MARZO DE 2022

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen
Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Pérez Losada, Fermín
Reboreda Morillo, Susana
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón
Domínguez López, Ángel

Estudantes

Caamaño Rodríguez, Yera
Domínguez Carrera, Lucía
Lozano Ramírez, Amado Tierra
Rama Mosquera, Alejandro

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

A reunión realizárase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o xoves 24 de marzo ás 12,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Acta correspondente á sesión ordinaria do 18 de marzo de 2022.
2. Aprobación, se procede, das PDA dos Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade e en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.
3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas dos Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade e en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.
4. Nomeamento do prof. Domingo Rodríguez Teijeiro como representante da Facultade de Historia na Comisión de Avaliación dos Proxectos INOU.

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a teijeiro@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Xunta de Facultade disporán dun máximo de dúas horas (entre as 12:00 e as 14:00 horas do día 24 de marzo de 2022) para pronunciarse sobre os catro puntos da orde do día.

- a) Se o voto é favorable ás propostas contidas na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das propostas contidas na orde do día").
- b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.
- c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.



Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 18 membros da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

A prof. María López Díaz e o prof. Antonio Presedo Garazo, en relación co punto n.º 3, no apartado relativo á bolsa de horas do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, desexan que quede constancia de que consideran "que debería haber algún recoñecemento en horas á participación en tribunais de TFM, aínda que fose testemuñal, tal e como se viña facendo, máxime debéndose xulgar traballos doutras áreas".

Remata a sesión ás 14,00 h do día 24 de marzo de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro